

INFORMACIÓN CIM



QUE É O CENTRO DE INFORMACIÓN ÁS MULLERES?

O Centro de Información á Muller, é un servizo público e gratuíto que pretende dar resposta para atender ás demandas e necesidades das mulleres do Concello de Noia e contorna.

Un servizo municipal de atención especializado e de carácter permanente desde o que se articula unha intervención global dirixida ás mulleres e que proporciona asesoramento xurídico, atención psicolóxica, orientación profesional e sociolaboral, así como calquera outra información encamiñada á consecución da igualdade efectiva entre mulleres e homes.

O CIM presta atención e asesoramento a aquelas mulleres que o demanden, de forma individual ou colectiva, en asuntos relacionados coa promoción social da igualdade de xénero.

Trátase dunha atención e intervención directa para mulleres en situación de especial vulnerabilidade, tendo prioridade as vítimas de violencia de xénero.

FUNCIÓNS

- Acompañamento e seguimento de casos.
- Asesoramento e atención xurídica e psicolóxica.
- Atención integral especializada en vítimas de violencia de xénero e, de ser o caso, as/os menores ou maiores dependentes a cargo da muller vítima.
- Sensibilización en igualdade.
- Información en materia de recursos.
- Realización de actividades e campañas municipais en materia de igualdade.
- Coordinación en redes.
- Dinamización comunitaria.

O servizo está cofinanciado pola Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade da Xunta de Galicia



PRINCIPIOS DE ACTUACIÓN

Atención baseada nos principios do anonimato, da confidencialidade e do respecto á vontade das mulleres e gratuidade.

ONDE ESTAMOS

Edificio de Servizos Sociais
Rúa do Curro nº4, 2º andar – Noia (A Coruña)

TELÉFONO

Telf: 981 828011
correo: cim.noia@hotmail.com

HORARIO DE ATENCIÓN AO PÚBLICO

De luns a venres de 9 a 14 horas.
Cita previa

TELÉFONO DAS MULLERES 900400273

016 ATENCIÓN A VÍTIMAD E VIOLENCIA DE XÉNERO